# Masterclass de miticultura nas aulas do IES de Rianxo

## Da man de bateeiros, investigadores e divulgadores, os alumnos coñecen os detalles do cultivo e a comercialización do mexillón

**SUSO SOUTO**
*Rianxo*

O alumnado de primeiro de Bacharelato do IES Félix Muriel de Rianxo participa no proxecto Mytilus: a posta en valor, unha iniciativa da Asociación Mexilloeira Rianxeira financiada polo GALP Ría de Arousa e o Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.

A través de sesións de divulgación no propio centro educativo e visitas a lugares nos que se levan a cabo as actividades relacionadas co sector mexilloeiro, os estudantes coñecen o traballo dos bateiros e bateiras, as características do produto e o funcionamento dos canais de promoción e de comercialización.

Na primeira actividade, tutelada pola divulgadora científica Yolanda Ruiz, da firma Arenaria Coordinación (encargada da asistencia técnica do proxecto), fixeron unha práctica de laboratorio consistente nunha disección de mexillón para coñecer a súa histoloxía e ciclo de vida.

Na segunda, con persoal da entidade promotora, concretamente con Suso Méndez, presidente, e Ramona Muñiz, a única muller membro da xunta directiva, coñeceron os eslabóns do proceso de cultivo, dende a recollida da semilla ata a comercialización.

O vindeiro luns día 21 participarán nunha sesión sobre os valores nutricionais deste molusco bivalvo, dirixida por divulgadores de Arenaria e ca colaboración do chef Miguel Mosteiro, de Gastrolab Arousa, quen actualmente colabora nun programa de cociña que a diario emite a TVG.

O luns día 25 asistirán a unha sesión sobre o control de biotoxinas mariñas a cargo de Covadonga Rodríguez, directora do Intecmar, quen visitará o instituto e aportará tamén a labor científica que hai detrás do control dos produtos da pesca. Ademais, facendo uso da súa cercanía coas novas tecnoloxías, o alumnado elaborará, noutras sesións, pequenas pezas audiovisuais coas que dar a coñecer o sector e o produto da pesca aos internautas a través das redes sociais.

Estas actuacións enmárcanse na segunda anualidade do mencionado proxecto, que se prolongará ata o 31 de outubro de 2022 e que conta cunha axuda de 7.216 euros.

*delegribeira@elcorreogallego.es*



**ESLABÓNS.** Suso Méndez e Ramona Muñiz explícanlle ós alumnos os eslabóns da cadea de cultivo do mexillón. *Foto: A.C.*

# Ribeira dedica el 8-M a todas las agentes de la localidad

***Ribeira.*** Con motivo de la celebración del Día de la Mujer, el Concello de Ribeira homenajeará el día 8 a las mujeres de los cuerpos y fuerzas de seguridad del municipio.

El acto tendrá lugar en el salón de plenos y, además de las homenajeadas, participarán Noelia Pago Latorre, inspectora en la Jefatura Superior de la Policía Nacional de A Coruña y responsable de la Oficina de Dereitos Humanos e Igualdade de Galicia, y María Dolores López (en este caso *online*), comisaria y jefa de Dereitos Humanos e Igualdade en la Policía Nacional.

Además, en la primera planta del mercado municipal se puede visitar la exposición *EnREDadas*, promovida por la Fundación Pública Artesanía de Galicia. El lunes 7 se publicará en las redes sociales una campaña por la corresponsabilidad con difusión de materiales en línea a favor de la distribución equilibrada de las tareas domésticas y responsabilidades familiares. Y el alumnado de 4º, 5º y 6º de Primaria recibirá material didáctico de sensibilización en igualdad, incluyendo un cuaderno de *Os Bolechas* sobre esta temática.

Asimismo, el día 9 a las 11.00 habrá una sesión de cuentacuentos por streaming para estudiantes de Infantil y Primaria titulada *Dúas nenas moi, moi valentes*.

El día 10 se celebrarán en el CIM, de 10.00 a 13.00 horas, dos obradoiros a cargo de la Fundación Mujeres dedicados a la prevención del acoso en la calle y a la activación personal y profesional. **S. S.**

# A Pobra abre la piscina tras dos años y será gratuita 7 días

***A Pobra.*** A partir de la próxima semana las instalaciones de la piscina de A Pobra volverán a estar abiertas al público. La edil de Deportes, Genoveva Hermo, trasladó que los siete primeros días de funcionamiento serán gratuitos para las personas que estaban inscritas antes de su cierre (hace ya dos años), por lo que solo tendrán que pagar la parte proporcional de lo que resta de mes, en el cual se ofrecerán actividades sueltas y, ya en abril, se recuperará la normalidad del servicio. Las nuevas matrículas podrán efectuarse desde el 21 de marzo.

Por otro lado, el alcalde, Lois Piñeiro, explicó que hubo momentos en los que el cierre de esta instalación deportiva era obligatorio debido a la covid y que, cuando se pudo volver a abrir, era inviable económicamente, pues, por la ratio estipulada, la inversión en socorristas y monitores superaba los ingresos.

El regidor pobrense también indicó que para el gobierno municipal lo idóneo era abrir el complejo entre los meses de agosto y septiembre de 2021, pero que la empresa concesionaria presentó una solicitud de reequilibrio económico e indemnización, por lo que la necesidad de realización de un estudio al respecto y la duración de este tipo de trámites motivaron que la reapertura se demorara hasta el presente mes.

Asimismo, el mandatario anunció que se estudiará la viabilidad para su municipalización y la dotación de nuevo equipamiento, así como la mejora de la accesibilidad. **S.S.**

# Cincuenta escolares pobrenses recibiron os agasallos do xogo-concurso ‘As sete Rosalías’

***A Pobra.*** O Concello da Pobra realizou o sorteo de 50 agasallos entre todos os cativos e cativas acertantes do xogo-concurso As sete Rosalías, convocado con motivo do Día de Rosalía de Castro. As recompensas foron botellas térmicas serigrafadas.

O concurso consistía en atopar varias siluetas recortadas coa forma de Galicia que contiñan no seu interior o rostro de Rosalía acompañado de versos seus. Participaron nenos e nenas de seis a doce anos dos colexios Salustiano Rey Eiras e Pilar Maestú Sierra. As pezas estiveron expostas nos escaparates de diversos establecementos da vila. A concelleira de Cultura, Patricia Lojo, entregou os agasallos. **S. SOUTO**



**ENTREGA.** Grupo de alumnos do colexio Pilar Maestú Sierra. *Foto: C.P.*

CONCELLO DE TOURO

**ANUNCIO**

Polo Concello de Touro precísase realizar a contratación de dous condutores para o tractor forestal, para a realización de traballos de prevención de incendios forestais, mediante a realización de tratamentos preventivos en vías, camiños e outras superficies forestais de titularidade municipal.

**Requisitos:**
- Estar en posesión do permiso que habilite para a condución do tractor forestal ou agrícola.
- Os demais requisitos establecidos na lexislación para o acceso ao emprego público.

**Características do contrato:**
- Tipo: contrato de duración determinada (obra ou servizo).
- Duración: 6 meses.
- Xornada: 35 horas semanais.

**Solicitudes:** presentaranse no rexistro xeral do Concello, no prazo de 5 días hábiles, contados desde o seguinte á publicación do presente anuncio, na páxina web do Concello.

Coa solicitude presentarase a acreditación dos méritos que aleguen os aspirantes para a súa contratación.

Touro, 3 de marzo de 2022.

O alcalde,
Ignacio Codesido Barreiro.